

Galicia Encantada



Toponimia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Cova do Santo ou de Santomé

Tamén coñecida como Cova de San Arangano ou Arangañín (pseudo santo especializado en curar o raquitismo infantil ou arangaño.

Localización: Vilar de Silva, Rubiá (Ourense).

Está nas proximidades das ruínas dunha antiga capela dedicada a San Tomé, capela que estaba inmediata a unha sima ou pozo que comunicaba directamente co interior da cova.

Na contorna abunda o ferro e houbo explotacións mineiras, amais de mananciais de augas feruuxinosas indicada para tratar anemias e outras doenzas.

A imaxe do San Tomé foi conservada, primeiro, na igrexa de Santo Estevo e despois na igrexa de Pardllán.

BIBLIOGRAFÍA

Comendador-Rey, Beatriz (2023): Historias do inframundo: o subsolo no imaxinario colectivo. Arqueologia e Tradição Oral. Porto,

FLUP-CITCEM, pag. 157-178.